


MOCIÓN



PSG^{DE}
PSOE

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente e particularmente nos artigos 67 letra c); 117 letra a) e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, presenta para o seu debate e votación no Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte moción, en relación á **Situación dos servizos Sociais no Barrio de Monteporreiro**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo da primeira década do século XXI, o concello de Pontevedra foi construíndo uns Servizos Sociais dignos, dentro dunha política social pública, apegada ás necesidades das persoas. A conxunción entre unha boa dirección política e un equipo de traballadores/as moi implicados/as na mellora da calidade de vida dos mais necesitados, fixo de Pontevedra un referente das políticas sociais. Un modelo de cidade do que os Socialistas nos sentíamos moi orgullosos.

A partires do 2011, a Política Social pasou de ser un área xestionada polos Socialistas a ser un area de xestión do BNG. E se ben durante os primeiros anos, a solidez das estruturas públicas construídas pola xestión socialista permitiu aguantar e dar resposta a unha situación de crise como nunca se vivira, hoxe en día, pasados case seis anos de xestión do BNG, asistimos a unha erosión imparabile das políticas sociais publicas, froito do absoluto desinterese do alcalde e dunha xestión caótica e incoherente da concelleira responsable.

Un exemplo dese desinterese é o barrio de Monteporreiro. Neste Barrio creouse no seu momento unha unidade de atención específica dado o alto volume de asuntos e persoas que reclamaban e reclaman a intervención dos Servizos Sociais públicos. Estes servizos, lonxe de mellorar nestes últimos anos nos que atravesamos a maior crise social da historia recente, foron vendo como se minguaba a súa dotación e non se atendían as necesidades que se indicaban polas propias traballadoras da área de Servizos Sociais.

O centro socio cultural de Monteporreiro, onde se ubica a unidade de atención, non conta con persoal administrativo de apoio, salvo unha persoa en segunda actividade e solo dous días a semana. Isto impide un adecuado filtro da información que facilite o traballo a traballadora social.

As instalacións dificultan a confidencialidade e fan mais difícil o traballo. A idea que había de atopar unha instalación mais apropiada desbotouse a partir de que os Servizos Sociais comenzaron a ser xestionados polo BNG

A presión asistencial en Monteporreiro, moi alta, esta soportada por dúas traballadoras sociais que en realidade e por redución dos seus horarios (75% unha e 25% a outra), fan o traballo de unha, sendo imposible unha atención axeitada aos centos de casos abertos.

O numero de citas dadas polas traballadoras sociais en Monteporreiro no ano 2016 superou as 1.100 Este número é elevadísimo e provoca que haxa lista de espera inadmisibles. A día 25 de xaneiro as primeiras datas dispoñibles para asignación de cita eran nun caso o día 8 de marzo (traballadora ao 25% de xornada) e o 22 de febreiro (traballadora ao 75% de xornada)

Os socialistas non solo estamos preocupados, senón indignados pola falla de sensibilidade do alcalde ante o desmantelamento da política social e facémolo responsable directo do que está a ocorrer.

O modelo de cidade non é solo exhibir unhas fotos das rúas e beirarrúas ou colocar mais ou



@PSOEPonte

psoepontevedra

@psoepontevedra

Irmáns Nodales, 6
36.001 - Pontevedra
psoepontevedra.gal
pontevedra@psdeg-psoe.org

GRUPO MUNICIPAL DO
PSdeG-PSOE
CONCELLO
DE PONTEVEDRA


MOCIÓN



menos lumbos. O modelo de cidade que propoñemos os socialistas é atender as necesidades da xente, sobre todo daquela que mais necesita ao poderes públicos. E facelo con dilixencia. E para iso necesítase investir máis nas persoas que nas exposicións de fotografía de autobombo.

Por todo elo o Pleno da Corporación insta ao Sr Alcalde a:

- **Dar as instrucións oportunas para ampliar a plantilla de traballadoras sociais que atenden as necesidades de Monteporreiro.**
 - **A dotar de personal administrativo suficiente a unidade de Monteporreiro.**
 - **A iniciar os trámites para trasladar os despachos de atención da Unidade de Servizos Sociais de Monteporreiro a uns locais máis apropiados**
- Pontevedra, 31 de xaneiro de 2017


Asdo Paloma Castro
Grupo Municipal Socialista